

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

Praza dos Libros 2007

Farruco Graña presenta en Carballo 'O bosque de Nadgor'

O escritor volve á vila que inspirou a súa primeira novela, que trata o problema do feísmo urbanístico.

Redacción - 10:00 25/08/2007

Farruco Graña leva unha intensa semana de presentacións da súa ópera prima, *O bosque de Nadgor*. Este sábado daraa a coñecer en [Carballo](#), a súa vila natal e inspiradora de moitos aspectos da novela. O acto, previsto para as oito e media do serán, forma parte da programación da [Praza dos Libros](#). A encargada de presentalo será a concelleira de Cultura, Belén Lendoiro.

O luns xa estivo en Foz, na Feira do Libro. Alí, o autor deseñou as liñas básicas da novela e salientou a importancia de tomarmos conciencia sobre a conservación do noso patrimonio, o deseño racional das vilas e a preservación da paisaxe como patrimonio común. No acto estivo acompañado de Xoán Carlos González Basanta, que introduciu o acto.

O xoves, foi a quenda da feira de Monforte de Lemos. Graña estivo presentado por Plácido Lizancos Mora, subdirector da Escola de Arquitectura da Coruña e autor d'*A casa contemporánea en Galicia*.

Novas relacionadas

- [Carballo échese de literatura durante catro días](#)
- [‘O bosque de Nadgor’, onde o feísmo cobra vida](#)